



Estimado /a director/a:

Estimada/o presidenta/e:

A convivencia en liberdade e a protección da integridade física e moral de toda a comunidade educativa son obxectivos prioritarios da actuación do Goberno de España e da súa Delegación en Galicia. Para contribuír a conseguilos, volvemos poñer en marcha o **Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas**, desenvolto polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Neste novo curso, amplíase a oferta de charlas e actividades, destinadas tanto ao alumnado, como ao profesorado e ás familias, sobre temáticas relacionadas coa ciberseguridade, o acoso escolar, a violencia sobre a muller, as drogas e o alcol, as novas adiccións, os delitos de odio e discriminación e a prevención dos delitos sexuais, entre outros. Son temas de especial relevancia e interese para o seu coñecemento e prevención e para mellorar a vida en común.

Desde a Delegación do Goberno en Galicia animámosvos a participar activamente. Para iso, poñemos á vosa disposición o persoal especializado das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto co das Unidades de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller, que, en colaboración coa Alta Inspección de Educación en Galicia e a Inspección Educativa da Xunta de Galicia, son os responsables do desenvolvemento deste plan.

Podedes descargar toda a información e a solicitude de participación na seguinte ligazón:  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector>.

E para calquera consulta podedes dirixirvos á Alta Inspección de Educación en Galicia por medio do correo electrónico: [plandirector.galicia@correo.gob.es](mailto:plandirector.galicia@correo.gob.es) ou do teléfono: 981 989 555/557.

Recibe un cordial saúdo